



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dereito: Dereito constitucional I

Materia	Dereito: Dereito constitucional I			
Código	O03G081V01103			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	FB	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Dereito público			
Coordinador/a	González-Ares Fernández, José Agustín			
Profesorado	González-Ares Fernández, José Agustín Mosquera Casero, Jose			
Correo-e	ares@uvigo.es			
Web	http://webs.uvigo.es/ares/			
Descrición xeral	O Dereito Constitucional I (un dos dous bloques nos que se estrutura a docencia de Dereito Constitucional) céntrase basicamente no estudo dos seguintes puntos: teoría da Constitución; constitucionalismo histórico español; principios ordenadores do sistema constitucional; fontes do Dereito; descentralización territorial do poder e estrutura, composición e funcionamento dos órganos constitucionais (Coroa, Cortes Xerais, Poder Executivo, Poder Xudicial e Tribunal Constitucional).			

Competencias de titulación

Código	
A38	CE38 - Coñecer a teoría constitucional e as normas constitucionais que fundamentan a organización do Estado Español, en especial a creación normativa e os diferentes órganos do Estado así como a súa composición, funcionamento e funcións
A39	CE39 - Saber interpretar e aplicar as normas constitucionais
A58	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A59	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
A61	CB5 - Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
A62	CG1 - Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
A63	CG2 - Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
A64	CG3 - Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
A65	CG4 - Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
B1	CT1 - Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
B4	CT4 - Capacidade de comportarse de maneira ética e con responsabilidade social como cidadán e como profesional, respectando a diversidade e multiculturalidade.
B5	CT5 - Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer a teoría constitucional e as normas constitucionais que fundamentan a organización do Estado Español, en especial a creación normativa e os diferentes órganos do Estado así como a súa composición, funcionamento e funcións	A38
Saber interpretar e aplicar as normas constitucionais.	A39

Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo	A58
Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética	A59
Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía	A61
Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.	A62
Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual.	A63
Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica	A64
Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar.	A65
Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.	B1
Capacidade de comportarse de maneira ética e con responsabilidade social como cidadán e como profesional, respectando a diversidade e multiculturalidade.	B4
Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico	B5

Contidos

Tema	
1. Introducción: o Dereito Constitucional	As orixes do constitucionalismo.- O concepto de Constitución.- Definición, natureza e contido do Dereito Constitucional.
2. O constitucionalismo histórico español (I)	Características xerais.- Os textos constitucionais do século XIX.- A Constitución de 1931.- A ditadura de Franco.
3. O constitucionalismo histórico español (II)	A Lei para a Reforma Política de 1977 e a transición á democracia.- Elaboración e aprobación da Constitución española de 1978.- O texto da Constitución.- Trazos fundamentais do texto constitucional.
4. Os valores e principios fundamentais da Constitución	O Preámbulo da Constitución e o Título Preliminar.- Os principios ordenadores do réxime constitucional español.- O Estado social e democrático de Dereito.
5. A Constitución e as fontes do Dereito	A lei na Constitución española.- Leis orgánicas e leis ordinarias.- Os actos con forza de lei.- Outras fontes do Dereito.- O sistema de fontes español e o Dereito comunitario.- A potestade regulamentaria.
6. A Constitución como norma xurídica	O valor normativo da Constitución.- A Constitución e o ordenamento xurídico.- As leis de reforma da Constitución.- As modificacións informais da Constitución.
7. A democracia representativa	A representación.- O sistema electoral.- Os institutos de democracia semi-directa.- Os partidos políticos.
8. Os poderes constitucionais do Estado (I): a Coroa	O papel da Coroa no sistema constitucional español: a Monarquía parlamentaria.- O estatuto persoal do Rei.- As atribucións do Rei.- Réxime sucesorio.- A Regencia.
9. Os poderes constitucionais do Estado (II): as Cortes Xerais	A autonomía das Cámaras.- O bicameralismo imperfecto: o Congreso dos Deputados e o Senado.- O estatuto xurídico dos parlamentarios.- Estrutura, organización e funcionamento das Cortes.- As funcións das Cortes.- Órganos auxiliares das Cortes Xerais: o Tribunal de Contas e o Defensor do Pobo.
10. Os poderes constitucionais do Estado (III): o Poder Executivo	O Goberno no sistema constitucional.- Composición, estrutura e funcionamento.- A figura do Presidente do Goberno.- As funcións do Goberno.- A Administración Pública.- O Consello de Estado.
11. Os poderes constitucionais do Estado (IV): o Poder Xudicial	Principios constitucionais do Poder Xudicial.- A organización xudicial.- O Consello Xeral do Poder Xudicial.- A participación cidadá na Administración de Xustiza.- O Ministerio Fiscal.
12. Os poderes constitucionais do Estado (V): o Tribunal Constitucional	Os sistemas de control no Dereito comparado.- O Tribunal Constitucional na Constitución.- Natureza, composición e estrutura.- Funcións.- As sentenzas do Tribunal Constitucional.
13. A organización territorial do Estado (I)	Os principios xerais da organización territorial do Estado.- O Estado autonómico.- As Comunidades Autónomas e a súa organización institucional.- Os Estatutos de Autonomía.- A repartición de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas.- As relacións entre o Estado e as Comunidades Autónomas.
14. A organización territorial do Estado (II): o Estatuto de Autonomía de Galicia	Antecedentes históricos da autonomía galega.- A estrutura do Estatuto de Autonomía.- Institucións políticas da Comunidade Autónoma.- Competencias.- A reforma do Estatuto.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	18	22	40
Traballos tutelados	4	24	28
Sesión maxistral	40	80	120
Presentacións/exposicións	7	17	24
Titoría en grupo	4.5	7	11.5
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	1.5	0	1.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Formulación, análise e resolución de exercicios prácticos relacionados coa temática da materia. Realizaranse de forma autónoma por parte do alumnado.
Traballos tutelados	Actividade autónoma do estudante que, de forma individual ou en grupo, elabora un traballo escrito sobre algún tema da materia que o docente considera que debe ser obxecto dun estudo pormenorizado ou sobre algunha lectura indicada previamente por este. Os estudantes adquirirán pericia na busca de información, na redacción de documentos e na lectura e manexo de bibliografía.
Sesión maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos referentes á materia obxecto de estudo.
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto, etc. Pódese levar a cabo individualmente ou en grupo.
Titoría en grupo	Reunións que o alumno mantén co profesor da materia para recibir asesoramento sobre o desenvolvemento daquelas actividades que o estudante debe realizar de forma autónoma, e para formular as dúbidas que sobre a materia obxecto de estudo se lle poidan formular no proceso de ensino-aprendizaxe.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Titoría en grupo	Mediante as titorías en grupo solucionaranse as dúbidas que o estudo da materia lles poida formular aos estudantes. Os estudantes serán asesorados sobre o procedemento para a resolución de casos prácticos e recomendaránselles lecturas complementarias. Así mesmo, facilitaráselles aos alumnos unha atención personalizada dirixida a titorizar a realización dos traballos que han desenvolver estes, indicándolles as directrices que deben seguir, bibliografía relacionada co asunto obxecto de estudo, forma de presentación, etc.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Resolución de problemas e/ou exercicios	Probas para a avaliación que inclúen actividades, problemas ou exercicios prácticos para resolver. Os alumnos deben responder á actividade suscitada, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia.	20
Traballos tutelados	Realización en grupo de traballos sobre algúns dos contidos da materia baixo a dirección e tutela do profesor.	10
Presentacións/exposicións	Exposición dos traballos tutelados	10
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Proba para a avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas directas sobre un aspecto concreto. Os alumnos deben responder en función dos coñecementos que teñen sobre a materia. A devandita proba realizarase ao final do cuadrimestre.	60

Outros comentarios sobre a Avaliación

Será condición imprescindible para contabilizar a avaliación continua obter un mínimo de 5 sobre 10 na proba de resposta longa.

O alumno deberá elixir entre un sistema de avaliación continua ou a realización dun exame final.

Aqueles alumnos que non se sometan ao sistema de avaliación continua terán unha avaliación final que implicará o desenvolvemento por escrito de dúas preguntas longas que se incluírán no programa e suporán o 80% da avaliación e una pregunta práctica que suporá o 20% da avaliación.

Tanto estes últimos alumnos como os anteriores gozarán de atención personalizada nas titorías individualizadas

cando así o desexen.

Na segunda oportunidade (xullo) diferenciaranse as seguintes modalidades:

a) Para os alumnos presenciais: terán que ser avaliados daquela parte da programación docente que non superasen durante o curso. b) Os alumnos non presenciais deberán repetir a avaliación na súa totalidade.

Convocatoria fin de carreira

A avaliación constará de dúas preguntas de resposta longa e o desenvolvemento dun caso práctico. Cada unha das preguntas de resposta longa valerán un 40% da nota final; o desenvolvemento dun caso práctico valerá o 20% da nota final

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2014-2015

Bibliografía. Fontes de información

AGUIAR DE LUQUE, L. (coord.), **Estado de las autonomías y justicia constitucional**,

ÁLVAREZ CONDE, E., **Curso de Derecho Constitucional. Vol. II. Los órganos constitucionales. El Estado autonómico**, 6ª ed.,

ÁLVAREZ VÉLEZ, M. I. (coord.), **Lecciones de Derecho Constitucional**, 3ª ed.,

BALAGUER CALLEJÓN, F. (coord.), **Manual de Derecho Constitucional. Vol. I. Constitución y fuentes del Derecho, Derecho Constitucional, Estado autonómico**, 7ª ed.,

BLANCO VALDÉS, R. L., **Introducción a la Constitución de 1978**, 2ª ed.,

CARRO FERNÁNDEZ-VALMAYOR, J. L. (dir.), **Comentarios al Estatuto de Autonomía de la Comunidad Autónoma de Galicia**,

GONZÁLEZ-ARES, J. A., **Introducción al estudio del constitucionalismo español (1808-1975)**, 4ª ed. (amp. y rev.),

GONZÁLEZ-ARES, J. A., **Las Constituciones de la España contemporánea. Del Estatuto de Bayona a las Leyes Fundamentales del franquismo**,

GONZÁLEZ-ARES, J. A., **Leyes constitucionales españolas (1808-1978)**, 2ª ed.,

GONZÁLEZ-ARES, J. A., **La posición singular del Presidente de la Xunta de Galicia en el sistema institucional autonómico**,

JIMÉNEZ ASENSIO, R., **El constitucionalismo: proceso de formación y fundamentos del Derecho Constitucional**, 3ª ed.,

LÓPEZ GUERRA, L. y otros, **Derecho Constitucional. Vol. II. Los poderes del Estado. La organización territorial del Estado**, 9ª ed.,

MOLAS, I., **Derecho Constitucional**, 4ª ed.,

MUÑOZ MACHADO, S., **Derecho público de las Comunidades Autónomas**, 2ª ed.,

PÉREZ ROYO, J., **Curso de Derecho Constitucional**, 12ª ed.,

PORTERO MOLINA, J. A., **Constitución y jurisprudencia constitucional**, 7ª ed.,

RODRÍGUEZ-ZAPATA, J., **Teoría y práctica del Derecho Constitucional español**, 2ª ed.,

RUIZ ROBLEDO, A., **Compendio de Derecho Constitucional español**, 2ª ed.,

Revistas, **Revista de Derecho Político, Revista de Estudios Políticos, Revista Española de Derecho Constitucional, Teoría y Realidad Constitucional**,

Bases de datos:, **Aranzadi, Eur-Lex, Iber-Lex, Tirant on line, Calex**,

Páxinas web:, **www.cepc.es, www.boe.es, www.congreso.es, www.senado.es, www.poderjudicial.es, www.tribunalconstitucional.es, www.defensordelpueblo.es, www.xunta.es, www.aelpa.org**,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Dereito: Dereito constitucional II/O03G081V01204

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Dereito: Dereito romano/O03G081V01104

Dereito: Teoría do dereito/O03G081V01102